

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 3 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen os prazos para a declaración de existencias e de superficie de pataca sementada en zona infestada e en zona tampón, segundo a Resolución do 23 de marzo de 2018 pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia Solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca.*

Antecedentes:

Con data do 26 de marzo de 2018 publicouse a Resolución do 23 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia Solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca.

Na dita resolución establécese ampliar as zonas infestadas pola existencia da praga denominada *Tecia Solanivora Povolny*, couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia, engadindo, á parte das indicadas no punto 1.a) da Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, o concello de Muxía na provincia da Coruña.

Por outra banda, o punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia Solanivora Povolny*, ou couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas no Real decreto 197/2017, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) Solanivora Povolny* (DOG núm. 49, do 10 de marzo), se establece a zona tampón como os terreos comprendidos dentro dunha franxa de 5 quilómetros arredor do límite dos concellos establecidos como zonas infestadas.

Na mesma resolución establécese que os agricultores das zonas tampón definidas no punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017 deberán seguir comunicando, inmediatamente logo da sementeira, todas as parcelas cultivadas con pataca, segundo o modelo establecido no anexo I da Resolución do 9 de febreiro de 2017 (DOG núm. 31, do 14 de febreiro).



Considérase que é necesario actualizar o referido modelo de comunicación de sementeira da pataca e establecer o prazo tanto para a comunicación da pataca almacenada de semente como de consumo, como para a comunicación da superficie sementada antes da publicación da Resolución do 23 de marzo de 2018. Establécese tamén o modelo e prazo da declaración de cultivo de pataca na zona tampón.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Publicar no anexo I o modelo de declaración de cultivo de pataca que substitúe o o modelo establecido no anexo I da Resolución do 9 de febreiro de 2017.
2. Publicar no anexo II o modelo de declaración de existencias de pataca, tanto de semente como de consumo almacenada nos almacéns particulares da zona infestada.
3. O período para a presentación da declaración de existencias de pataca de semente e de consumo da campaña anterior e a superficie cultivada na zona infestada será de 10 días a partir do día seguinte da publicación desta resolución.
4. O período para a presentación da declaración de parcelas de cultivo situadas na zona tampón comeza o día seguinte ao da publicación da presente resolución e remata o día 31 de maio de 2018.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Belén María do Campo Piñeiro
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CAMPAÑA	DOCUMENTO
DECLARACIÓN DE CULTIVO DE PATACA REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS CULTIVADAS		COMUNICACIÓN
Código de explotación no Rexistro (Reaga):		

DATOS DA PERSOA PRODUTORA						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF


PARCELAS CULTIVADAS CON PATACA									
(SE É O CASO) COORDENADAS UTM X/Y	CÓD PROV.	CONCELLO	POLÍG.	PARC.	REC.	SUP. (m ²)	SUP. SEMENTADA (m ²)	VARIETADE	
/									
/									
/									
/									

LUGAR PREVISTO DE AMOREAMENTO E ALMACENAMENTO DA PATACA RECOLLIDA						
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a secretariaxeraltecnica.cmrn@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión de organismos nocivos. Real decreto 1190/1998 que regula os programas de erradicación e control de organismos nocivos. Directiva 2000/29/CE. Resolucións da Consellería do Medio Rural.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data
, de de de



Xefatura Territorial de

CVE-DOG: 4irenh16-gvx2-8o36-zmg6-nvjrsdqkk41



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

TODO PRODUTOR QUE REALICE A DECLARACIÓN DE CULTIVO DE PATACA, PRESENTARÁ O MODELO DE COMUNICACIÓN NO CAL INDICARÁ A TOTALIDADE DAS REFERENCIAS SIXPAC DAS PARCELAS DE PATACA QUE CULTIVA NA ZONA DEMARCADA.

FORMALIZACIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO.

IDENTIFICADOR DA PERSOA PRODUTORA/CULTIVADORA.

- Enténdese a identificación da persoa produtora como cultivadora, independentemente da persoa propietaria da parcela.
- Indicarase o código da explotación agraria (CEA) se está inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

PARCELAS DE CULTIVO DE PATACA:

- Indicarase a referencia Sixpac das parcelas e a súa superficie, e a superficie sementada se é cultivada en parte.
- Para parcelas nas que non conste referencia Sixpac rústica (solo urbano, núcleo, etc.) pode referenciarse a coordenada UTM do recinto.
- Os datos indicaranse nas diferentes celas deste impreso de acordo cos seguintes criterios: a superficie en metros cadrados (m²).

CVE-DOG: 4irenh16-gvx2-8o36-zmg6-nvjrsdqkk4t1




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CAMPAÑA	DOCUMENTO
DECLARACIÓN DE EXISTENCIAS DE PATACA EN ALMACÉN	20 __	COMUNICACIÓN

DATOS PERSOAIS							
NOME/RAZÓN SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

EXISTENCIAS DE PATACA		
TIPO	CANTIDADE	
	KG	Nº DE SACOS
SEMENTE		
CONSUMO		

LUGAR DE ALMACENAMENTO DA PATACA (só no caso de que a localización non coincida coa dos datos persoais)							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico á secretariaxeraltecnica.cmrn@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE
 Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión de organismos nocivos. Real decreto 1190/1998 que regula os programas de erradicación e control de organismos nocivos. Directiva 2000/29/CE. Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia* (*Scrobipalopsis*) *Solanivora* (Povolny). Resolucións da Consellería do Medio Rural.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE							
Lugar e data							
	,		de		de		



Xefatura Territorial de

CVE-DOG: 4irenh16-gvx2-8o36-zmg6-nvjrsdqkk41

